



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**Asunto:** Aprobación da lista de agarda para a contratación de persoal da oficina de turismo durante o exercicio 2023

**Expte. Admvo. Núm.:** 2022/E001/000002

**Expte. Decreto Núm.:** 2023/G003/000134

Visto que por Resolución de Alcaldía núm. 357/2022 de 16/06/2022, se aprobaron as bases para a contratación de persoal para a execución do programa de subvencións da Deputación Provincial da Coruña a Concellos e agrupación de Concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para a financiación do gasto de persoal das oficinas de turismo do Concello de Laxe durante o exercicio 2022.

Visto que as mencionadas bases, publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 119 de 23/06/2022, concretan a formación dunha lista de agarda para a realización de contratacións con vixencia durante o ano 2023, que será aprobada coas persoas que superaron o proceso selectivo, e que quedará definitivamente constituída por resolución da Alcaldía.

Vista a proposta do tribunal cualificador de data 08/07/2022 respecto da puntuación total final acadada por cada unha das persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde decrecente de puntuación.

De conformidade co artigo 21.1.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, esta Alcaldía

### RESOLVE:

**Primeiro.** Aprobar a constitución da lista de agarda para a contratación de persoal da oficina de turismo de Laxe durante o exercicio 2023, que quedará constituída, por orde decrecente, do seguinte xeito:

| Nº | NOME E APELIDOS          | DNI       | PUNTUACIÓN TOTAL |
|----|--------------------------|-----------|------------------|
| 1  | CRISTINA VEIRAS BARREIRO | **8456*** | 30,80            |
| 2  | MARÍA JOSÉ LEMA VIDAL    | **8011*** | 29,40            |

**Segundo.** Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da casa do concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

**Terceiro.** Emitir certificado acreditativo desta resolución e dar conta na vindeira sesión plenaria que se celebre.

Mándoo e asínoo, en Laxe na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde, D. José Luis Pérez Añón, do que eu como secretario acumulado dou fe.

O alcalde  
José Luis Pérez Añón

O secretario-interventor acumulado  
Francisco Javier Novoa Juiz

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)